

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de outubro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 13078 (10/POC-002269)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións previstas para o presente ano, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en relación coa atención psicolóxica en accidentes e catástrofes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 1.2 13094 (10/POC-002275)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego destinadas a atender os galegos residentes e retornados de Venezuela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159, do 07.08.2017
- 1.3 14108 (10/POC-002554)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre os datos que manexa o Goberno galego en relación cos expedientes de asistencia xurídica gratuíta
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 1.4 14452 (10/POC-002687)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento de medidas urxentes e extraordinarias co fin de establecer unha liña de axuda humanitaria para atender as persoas galegas residentes en Venezuela, así como a habilitación dunha partida orzamentaria para a adquisición de medicamentos e artigos de primeira necesidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

- 1.5 14703 (10/POC-002715)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre os compromisos que vai adquirir a Xunta de Galicia para a construción do Auditorio Municipal de Moaña, as súas previsións en relación coa consignación do orzamento necesario para ese fin e as actuacións levadas a cabo para completar as infraestruturas básicas dos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como a súa opinión respecto da necesidade de dotar dun auditorio os concellos semellantes ao de Moaña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017
- 1.6 16612 (10/POC-002882)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre as razóns do Goberno galego para asinar un convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para axilizar a elaboración dos informes psicosociais solicitados polos xulgados de familia e non destinar eses recursos á mellora dos medios do Instituto de Medicina Legal de Galicia

Punto 2. Proposicións non de lei en comisión

- 2.1 7574 (10/PNC-000785)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre a demanda ao Goberno de España no relativo a axilizar o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España a través da recolocación e asentamento, e cumprir no prazo establecido os compromisos acordados coa Unión Europea en materia de acollemento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017
- 2.2 12882 (10/PNC-001215)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego para establecer, en coordinación coa Fegamp, un novo plan de dotación de servizos de socorrismo acuático
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156, do 02.08.2017
- 2.3 15663 (10/PNC-001350)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa desaparición dun mozo residente na localidade de Bolsón e a situación que está a padecer o pobo mapuche en Arxentina
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 13078(10/POC-002269)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións previstas para o presente ano, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en relación coa atención psicolóxica en accidentes e catástrofes

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 13:19
Nº Rexistro: 13078
Data envío: 26/07/2017 13:19:30.948

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Ante unha catástrofe ou accidente con múltiples vítimas ou casos extraordinarios, dende a protección civil proveuse unha resposta integral que abrangue á loita directa contra a emerxencia, a prevención de non provocar máis danos, a atención de feridos e finados, a recuperación dos servizos esenciais ou a loxística.

Na mesma liña, no contexto deste tipo de emerxencias resulta fundamental a atención psicolóxica, tanto ás vítimas como ás súas familias.

Consciente da relevancia deste aspecto, coñecemos que a Xunta de Galicia ten asinado convenios co Colexio de Psicoloxía de Galicia para axudar neste cometido especializado. Unha colaboración que, como se anunciou, tense ampliado economicamente no orzamento de 2017.

Polo anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Cales son as actuacións previstas para o presente ano na atención psicolóxica en accidentes e catástrofes por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza?

Santiago de Compostela, 26 de Xullo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 26/07/2017 12:45:18

María Isabel Novo Fariña na data 26/07/2017 12:45:35

César Manuel Fernández Gil na data 26/07/2017 12:45:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 13:19
Nº Rexistro: 13078
Data envío: 26/07/2017 13:19:30.948

Antonio Mouriño Villar na data 26/07/2017 12:45:53

Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2017 12:46:10

María Julia Rodríguez Barreira na data 26/07/2017 12:46:23

Jacobo Moreira Ferro na data 26/07/2017 12:46:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.2 13094(10/POC-002275)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego destinadas a atender os
galegos residentes e retornados de Venezuela

Publicación da iniciativa, 159, 07.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13094
Data envío: 26/07/2017 14:04:31.482

Á Mesa do Parlamento:

Raquel Arias Rodríguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Julia Rodríguez Barreira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A situación que está a vivir nestes momentos Venezuela, internacionalmente recoñecida, está a afectar aos máis de 40.000 galegos que residen no país americano.

Moitos destes galegos atópanse con serias dificultades para conseguir alimentos e medicamentos de primeira necesidade e para acceder á sanidade. Incluso en moitas ocasión, saír a rúa para conseguir estes alimentos e medicamentos supón arriscar a súa integridade física e mesmo a súa vida.

Ante esta situación, son moitos os galegos que deciden retornar a Galicia na busca de seguridade para as súas familias e de un futuro que nestes momentos non poden acadar en Venezuela.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguintes **Preguntas Oraís en Comisión:**

-Cal é o compromiso do Goberno galego para axudar aos galegos residentes en Venezuela ante a difícil situación que están a vivir?

-Cales son os mecanismos que emprega o Goberno galego para atender aos galegos retornados de Venezuela?

Santiago de Compostela, 26 Xullo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 26/07/2017 13:59:08

César Manuel Fernández Gil na data 26/07/2017 13:59:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 13094
Data envío: 26/07/2017 14:04:31.482

Jacobo Moreira Ferro na data 26/07/2017 13:59:24

María Isabel Novo Fariña na data 26/07/2017 13:59:39

Antonio Mouriño Villar na data 26/07/2017 13:59:50

Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2017 14:00:03

Paula Prado Del Río na data 26/07/2017 14:00:17

María Julia Rodríguez Barreira na data 26/07/2017 14:00:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.3 14108(10/POC-002554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os datos que manexa o Goberno galego en relación cos
expedientes de asistencia xurídica gratuíta

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2017 09:30
Nº Rexistro: 14108
Data envío: 09/08/2017 15:54:54.281



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No mes de xaneiro deste ano, o Grupo Parlamentario Socialista solicitaba coñecer -mediante un artigo 9- os expedientes que entraran nas Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta Provinciais no ano 2016, indicando expresamente o número dos que entraran e dos que foran resoltos.

E con data 1 de xuño (é dicir, case 5 meses despois) o Goberno daba traslado dun listado de “datos numéricos dos expedientes de asistencia xurídica gratuíta formulados no ano 2016 en Galicia e desagregados por Comisións e xurisdicións”, cun total de 41.005 expedientes. Pero nada informa o Goberno sobre o número expreso dos que entraran e dos que foran resoltos, que tamén se pedira naquel artigo 9.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantos expedientes de asistencia xurídica gratuíta entraron en cada unha das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta provinciais?
2. Cantos expedientes de asistencia xurídica gratuíta foron resoltos en cada unha das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta provinciais?
3. Ten notado o Goberno galego algunha incidencia en canto á resolución de expedientes?
4. Cantas decisións das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta provinciais foron recorridas en 2016 nos xulgados correspondentes?

 Grupo Parlamentario

5. En cal das Comisións de Asistencia Xurídica Gratuíta provinciais foi máis elevado o tanto por cen de recursos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 9 de agosto de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/08/2017 13:48:47

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 09/08/2017 13:48:53

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/08/2017 13:49:01

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.4 14452(10/POC-002687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do
establecemento de medidas urxentes e extraordinarias co fin
de establecer unha liña de axuda humanitaria para atender as
persoas galegas residentes en Venezuela, así como a
habilitación dunha partida orzamentaria para a adquisición de
medicamentos e artigos de primeira necesidade

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 12:56
Nº Rexistro: 14452
Data envío: 22/08/2017 12:56:53.296



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A finais dos anos corenta Venezuela converteuse nun país receptor de inmigración masiva debido á profunda transformación económica impulsada polo auxe petrolífero e pola política inmigratoria de portas abertas do goberno do ditador Pérez Jiménez. Entre 1953 e 1958, entraron arredor de 150.000 españois, sendo, aproximadamente, un terzo deles galegos.

A maioría aséntase na capital, onde os que xa estaban instalados infórmanos sobre os posibles postos de traballo e aloxamento, contando tamén co asesoramento dos centros galegos (Lareira Galega e Centro Galego), fundados en 1945 e 1948 respectivamente, por exiliados republicanos, entre cuxos obxectivos está o socorro mutuo e a asistencia ao emigrante recentemente chegado o país, normalmente sen familia e sen recursos económicos.

A crise en Venezuela fai referencia á crise económica que desde 2013 sofre o país, e que estendida durante anos mostrou que non soamente é unha crise económica, senón tamén unha crise institucional, política e social.

O informe anual *Venezuela 2016/2017* de Amnistía Internacional é especialmente preocupante.

Segundo este informe, o Goberno declarou o Estado de excepción e prorrogouno catro veces. A maioría das persoas sospeitosas de ser responsables de crimes de dereito internacional e violacións de dereitos humanos cometidos durante as protestas de 2014 aínda non compareceron ante a xustiza. Continua a violencia e o amontoamento nos cárceres. As sobreviventes da violencia de xénero enfrontábanse a considerables obstáculos para acceder á xustiza. Buscando o seu descrédito, lanzábanse frecuentes campañas de discriminación contra periodistas e defensores e defensoras dos dereitos humanos, que tamén sufrían agresións e intimidación. Seguiuse encarcerando a persoas críticas co Goberno e a membros



 Grupo Parlamentario

da oposición política. Denunciouse o uso excesivo da forza por parte da policía e das forzas de seguridade.

A maioría das sentenzas e das ordes sobre Venezuela ditadas pola Corte Interamericana de Dereitos Humanos aínda non se cumpriran ao rematar o ano 2016.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A escaseza de alimentos e medicamentos intensificouse de xeito alarmante, o que desatou protestas en todo o país.

En outubro, o alto comisionado das Nacións Unidas para os dereitos humanos declarou que varios relatores especiais tiveran dificultades para visitar o país porque o Goberno non lles concedía os permisos pertinentes.

En contra do disposto polas normas internacionais de dereitos humanos, xulgase a civís perante os tribunais militares. As forzas policiais negábanse a cumprir as ordes de posta en liberdade ditadas polos tribunais.

O Tribunal Supremo de Xustiza limitou drasticamente mediante resolucións ás facultades da Asemblea Nacional, con maioría da oposición, o que entorpecía a capacidade dos deputados e deputadas para representar aos pobos indíxenas. O Tribunal Supremo tamén anulou unha declaración parlamentaria sobre a non discriminación relacionada coa orientación sexual e a identidade de xénero, e unha declaración que pedía o cumprimento das decisións adoptadas polas organizacións intergubernamentais.

A retirada do país da xurisdición da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (efectiva desde 2013) continuou privando do acceso á xustiza, á verdade e á reparación ás vítimas de violacións de dereitos humanos e as súas familias.

Segundo o Observatorio Venezolano de Conflitividade Social, durante o ano 2016 rexistráronse aproximadamente 590 manifestacións ao mes. A maioría estaban relacionadas con demandas de dereitos económicos, sociais e culturais, en particular co acceso a alimentos, saúde e vivenda.



Grupo Parlamentario

Seguiuse a encarcerar a persoas que se opoñían politicamente ao Goberno. Segundo o Foro Penal Venezolano, máis dun cento de persoas estaban retidas por razóns políticas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Comité de Dereitos Humanos da ONU expresou preocupación sobre os informes de abusos cometidos polo exército contra os pobos indíxenas establecidos na Guajira, Estado Zulia, na fronteira con Colombia.

A crise económica e social no país seguiu empeorando. Ante a falta de estatísticas oficiais, axencias privadas e independentes, como o Centro de Documentación e Análises para os Traballadores (Cenda), informaron de que desde novembro de 2015 ata outubro de 2016 houbo unha inflación do 552 % nos produtos alimentarios, o que dificultaba enormemente á poboación a compra de alimentos, incluso cando os encontraban. Segundo o Observatorio Venezolano da Saúde, o 12,1 % da poboación comía unicamente dúas veces ao día. A Fundación Bengoa para a Alimentación e Nutrición estimaba que o 25 % dos nenos e nenas padecían malnutrición.

Estas son algunhas das dramáticas conclusións do informe.

Neste difícil contexto político, social e económico, dende comezos de 2016, o Goberno de Venezuela non está facendo fronte aos pagos que deben percibir os pensionistas e xubilados españois que teñen retornado daquel país, pertencendo a este colectivo máis de 3.500 retornados galegos. Estes pagos mensuais debe abonalos o Goberno de Venezuela en virtude do correspondente convenio bilateral asinado con España.

Nos supostos de máis necesidade, moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións graves, non podendo acceder ademais aos servizos de emerxencia social ou vendo retirados os complementos de mínimos da Seguridade Social.

A situación dos galegos que residen en Venezuela están loxicamente a sufrir a situación descrita.

Estamos así diante dun grave deterioro do Estado de dereito na República de Venezuela. Este proceso acadou unha situación crítica o mércores 29 de marzo, cando o Tribunal Supremo de Xustiza venezolano asumía as competencias da



Grupo Parlamentario

Asemblea Nacional, limitando a inmidade aos seus deputados e outorgándose poderes extraordinarios en materia penal, militar, económica, social, política e civil. Este intento de abolición da máis básica das regras dun réxime democrático, o respecto á lei, que foi rectificado grazas á presión internacional, levou a que numerosos países e organismos falaran de ruptura da orde democrática en Venezuela.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dezanove países aprobaron na OEA o pasado 3 de abril unha resolución denunciando unha “violación da orde constitucional” en Venezuela, esixindo a reinstauración da separación de poderes.

O 1 de maio o presidente venezolano, Nicolás Maduro, anunciou de forma unilateral a convocatoria dunha “assemblea nacional constituínte”. A pesar das reiteradas resolucións, ditames e declaracións, provenientes da Unión Europea, así como as do presidente del Parlamento Europeo, Antonio Tajani, de organismos rexionais como Mercosur ou a Organización dos Estados Americanos (OEA) e o seu secretario xeral, Luis Almagro, ou das principais organizacións non gobernamentais encargadas de velar polos dereitos humanos, e do intento de mediación promovido por Unasur coa participación dos 3 ex presidentes e o Vaticano, o Goberno venezolano mantén o seu rumbo, ignorado sistematicamente as chamadas á sensatez e ao diálogo.

É necesario así adoptar todas as medidas precisas, no ámbito das relacións exteriores e sen deixar de confiar nas manifestacións de diálogo e mediación en marcha, para avanzar decididamente na paz social, a estabilidade política e institucional en Venezuela, con pleno dereito á democracia e respecto aos Dereitos Humanos. Os lazos entre Galicia e Venezuela, a situación dos galegos que residen naquela república e a dos emigrantes retornados, esixen que por parte da nosa Comunidade se tomen todas as iniciativas posibles.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai o Goberno galego establecer medidas urxentes e extraordinarias para a atención dos galegos residentes en Venezuela coa finalidade de establecer unha liña de axuda humanitaria para a consecución de medicamentos e artigos de primeira necesidade ante a situación de dramatismo que se está a vivir?



 Grupo Parlamentario

2ª) Vai o Goberno galego habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición de material farmacéutico e de necesidades básicas para a colonia galega en Venezuela?

Pazo do Parlamento, 21 de agosto de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/08/2017 12:49:36

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/08/2017 12:49:43

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/08/2017 12:50:00

Julio Torrado Quintela na data 22/08/2017 12:50:07

Noela Blanco Rodríguez na data 22/08/2017 12:50:14

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.5 14703(10/POC-002715)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os compromisos que vai adquirir a Xunta de Galicia para a construción do Auditorio Municipal de Moaña, as súas previsións en relación coa consignación do orzamento necesario para ese fin e as actuacións levadas a cabo para completar as infraestruturas básicas dos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como a súa opinión respecto da necesidade de dotar dun auditorio os concellos semellantes ao de Moaña

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:02
Nº Rexistro: 14703
Data envío: 29/08/2017 11:02:24.198

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás razóns polas que a Xunta de Galiza non compromete o orzamento necesario para que o concello de Moaña poida construír o Auditorio Municipal.

O concello de Moaña padece con toda claridade o modelo clientelar practicado polo Partido Popular na Xunta de Galiza. Un modelo que foi dotando aos diferentes concellos dunha serie de infraestruturas básicas: auditorios, bibliotecas, campos de fútbol, piscinas, centros de día, etc, non polas necesidades que teñan os mesmos, se non pola afinidade política.

Encontrándonos con que a pesar de ser un dos concellos con maior actividade social e cultural nunca encontrou no Goberno galego a colaboración necesaria para cubrir esta demanda social. Falamos dun concello cunha extensa actividade socio-cultural,-deportiva destacando entre outros eventos como os Circuito Teatrais, o Festival Internacional “O Folclore do Mar, o Festival Intercéltico do Morrazo, Días de Mar, etc. E que conta con moitos e diversos colectivos sociais que forman e dinamizan a vida social: Escola de Música, Banda de Gaitas, Banda de Música “Airiños do Morrazo”, corais, grupos de teatro, agrupacións musicais, danza, folclore,... Pero tamén no eido deportivo goza de eventos da relevancia da Gala do Deporte.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:02
Nº Rexistro: 14703
Data envío: 29/08/2017 11:02:24.198

Moaña precisa con urxencia un auditorio, unha reclamación unánime de todo o pobo de Moaña, que conta cunha iniciativa que ven reclamando o conxunto do movemento social moañés, con este fin tense constituído en plataforma, PLATAFORMA PRO-AUDITORIO que denuncia un trato discriminatorio con respecto a outros concellos e o desleixo por parte da Secretaría Xeral de Cultura co goberno municipal, trasladándolle os compromisos de colaborar tan só co equipamento.

Por parte da Xunta hai unha total falta de interlocución, a pesares das reiteradas solicitudes de reunións feitas polo equipo de Goberno municipal, co Conselleiro de Cultura, coa de Infraestruturas e incluso co presidente da Xunta de Galiza, o cal está construíndo a súa residencia nesta localidade e posiblemente nun futuro pretenda ser veciño de Moaña, estas entrevistas non foron concedidas.

A posición da Xunta de Galiza de bloqueo ao goberno local deixouna meridianamente clara hai uns días o Delegado Territorial da Xunta cando afirmaba que a única colaboración podería ser para o mobiliario, que agora non se financia auditorios. E instaba ao Goberno local a que reclamase da Deputación de Pontevedra o financiamento desta infraestrutura, pretendendo esquecerse de que o modelo clientelar do PP e Louzán foi eliminado deste organismo.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Considera razoable, que ao igual que no concello de Cangas teña que mobilizarse @s veciñ@s para demandar a dotación de infraestruturas necesarias, como un auditorio municipal?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:02
Nº Rexistro: 14703
Data envío: 29/08/2017 11:02:24.198

-Que compromisos vai adquirir o Goberno galego para que esta demanda sexa realizable nun tempo razoábel?

-Vai comprometer o orzamento necesario para que o concello de Moaña poida construír o Auditorio Municipal? De ser así, canto e en que prazos?

-Cales son os motivos polos que o presidente da Xunta non recibe a Alcaldesa do seu futuro concello?

-Que fixo a Xunta de Galiza para completar as infraestruturas básicas dos concellos menores de 20.000 habitantes? Considera prescindíbel que concellos como Moaña contén cun auditorio?

-Cantos concellos están na mesma situación que Moaña?

-Para cando un programa de dotación de prioridades que estableza uns criterios mínimos e trate a todos os concellos galegos por igual?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2017 11:02
Nº Rexistro: 14703
Data envío: 29/08/2017 11:02:24.198

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/08/2017 11:01:26

Ana Pontón Mondelo na data 29/08/2017 11:01:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/08/2017 11:01:33

Olalla Rodil Fernández na data 29/08/2017 11:01:35

Noa Presas Bergantiños na data 29/08/2017 11:01:36

Xosé Luis Bará Torres na data 29/08/2017 11:01:38

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.6 16612(10/POC-002882)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns do Goberno galego para asinar un convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para axilizar a elaboración dos informes psicosociais solicitados polos xulgados de familia e non destinar eses recursos á mellora dos medios do Instituto de Medicina Legal de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 17:13
Nº Rexistro: 16612
Data envío: 14/09/2017 17:13:30.967



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a externalización, por parte da Xunta de Galicia, da elaboración dos informes psicosociais para aquelas parellas con fillos que están en trámites de divorcio.

En Galicia prodúcese de media cada día dezoito divorcios ou separacións matrimoniais. Moitas destas parellas teñen fillos, e cando non se chega a un acordo amistoso entre as partes, o Xulgado de Familia encarga un informe psicosocial antes de tomar unha decisión.

O organismo encargado de elaborar este informe é o Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) que ante a falta de recursos aumentou de forma escandalosa os tempos de espera, colapsando desta forma moitos xulgados galegos.

Para solventar esta problemática, a Xunta de Galicia asinou a mediados de setembro un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para axilizar ao máximo a elaboración de informes periciais solicitados polos Xulgados de Familia. Este convenio ten un orzamento máximo estipulado de 105.500 €.

A Xunta de Galicia comunicou que *“os traballadores sociais que realicen estes servizos deberán ser seleccionados/as entre os/as colexiados/as que cumpran cos requisitos xurídico administrativos para o exercicio profesional, conforme a que estean desempeñando actividades de similares características e á súa formación e especialización no ámbito da psicoloxía xurídica”*



Baixo o pretexto dun aumento de asuntos nos Xulgados de Familia galegos, a Xunta de Galicia quere externalizar un novo servizo público. A solución dende logo non pasa por privatizar o servizo desta forma, senón aumentando os recursos do IMELGA para que se poidan reducir os tempos de espera e se axilice o traballo para evitar os colapsos nos Xulgados de Familia.

Polo exposto formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- Por que se asinou un convenio co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para externalizar a elaboración de informes psicosociais en lugar de destinar eses recursos para mellorar o Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)?
- Considera que a externalización é a mellor opción para elaborar os informes periciais solicitados polos Xulgados de Familia?
- Esta é unha nova medida por parte da Xunta de Galicia para privatizar uns servizos que son de todos os galegos e galegas?

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2017 17:12:05

Luis Villares Naveira na data 14/09/2017 17:12:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 17:13
Nº Rexistro: 16612
Data envío: 14/09/2017 17:13:30.967

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2. **Proposicións non de lei en comisión**

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.1 7574(10/PNC-000785)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre a demanda ao Goberno de España no relativo a axilizar o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España a través da recolocación e asentamento, e cumprir no prazo establecido os compromisos acordados coa Unión Europea en materia de acollemento

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 1ª, relativa ao acollemento das persoas refuxiadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

O **pasado 22 de setembro** cumpríase un ano desde que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de recolocación de emerxencia para compartir a responsabilidade de quen solicita asilo. Con todo, decenas de miles de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados en condicións deplorables.

No caso de España, só se cumpriu apenas un 6% dos compromisos de recolocación, a este ritmo, tardaríanse 8 anos en cumprir ditos compromisos. É



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 13:55
Nº Rexistro: 7574
Data envío: 04/04/2017 13:55:40.158



unha vergoña que Europa non poida deixar de lado a política e resolver esta crise humanitaria compartindo equitativamente a responsabilidade dun número de persoas refuxiadas.

As cifras falan por si soas. Máis dun ano despois destes compromisos, **España acolleu a 1.141 persoas. Unha cifra moi afastada das 17.337 persoas que o Goberno se comprometeu a acoller.**

Tendo en conta o anterior, e de acordo coas demandas trasladadas a este grupo por Amnistía Internacional, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno de España a:

- Axilizar de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamento.
- Cumprir no prazo previsto os compromisos acordados coa UE de acoller a **17.337 persoas refuxiadas.**

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/04/2017 13:53:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 13:55
Nº Rexistro: 7574
Data envío: 04/04/2017 13:55:40.158



Luis Villares Naveira na data 04/04/2017 13:53:17

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.2 12882(10/PNC-001215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego para establecer, en
coordinación coa Fegamp, un novo plan de dotación de servizos
de socorrismo acuático

Publicación da iniciativa, 156, 02.08.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2017 12:02
Nº Rexistro: 12882
Data envío: 20/07/2017 12:02:36.328



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Luis Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A Comunidade Autónoma de Galicia é, dentro do Estado Español, a que conta cun maior número de quilómetros de costa (1.200 quilómetros) e cun maior número de areas dedicados a zonas de baño (720 zonas de baño), tal e como recolle o Plan de Salvamento en Praias de Galicia (*Plan Sapruga*). Aínda que a responsabilidade da seguridade das praias é competencia dos concellos, a Xunta de Galicia, seguindo as directrices marcadas na normativa básica de Protección Civil e na planificación autonómica na materia elaborou o Plan de Salvamento en Praias de Galicia (*Sapruga*) en colaboración cos concellos costeiros de Galicia. A última actualización e revisión deste Plan de protección civil data xa do ano 2001 (DOG do 19 de xuño de 2001). A colaboración non só é nos concellos costeiros, senón tamén naqueles que contan con praias fluviais e esta é demandada polos usuarios.

Sinala o *Sapruga* que a colaboración baséase en convenios de colaboración entre ámbalas dúas administracións, polo que a Xunta de Galicia, a través da autoridade competente en materia de protección civil, cédelles ós concellos diferente material de salvamento e facilítalles a formación do persoal, a través da Academia Galega de Seguridade. Así mesmo, ofréceselles infraestrutura do Cecop-Galicia (Central de Emerxencias 112 SOS-Galicia) para a mobilización de medios, tanto propios como alleos, previstos no plan.

Pola súa parte os concellos comprométense a realizar as infraestruturas necesarias nas praias (torres de vixilancia, casetas, etc.) e a dispoñer dun número de socorristas axeitado ás necesidades de cada praia.

Para determinar as zonas de maior risco séguense criterios de maior demanda de persoas usuarias, praias cualificadas como perigosas ou que non dispoñan de medios e equipos de salvamento marítimo ou que estes fosen insuficientes. Así mesmo, considéranse como factor de risco nas praias a práctica de deportes náuticos preto das zonas de baño.

Por outra parte, para o exercicio da actividade profesional de socorrismo acuático é precisa a inscrición no Rexistro profesional regulado polo Decreto 104/2012, do 16 de marzo, dependente da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), inscrición que ten que renovarse cunha periodicidade de catro anos.

Actualmente non existe unha regulación clara sobre o número de socorristas acuáticos cos que deben contar os concellos nas súas praias, en función dos distintos criterios de clasificación de riscos das mesmas; tampouco sobre os horarios e extensión da tempada dos servizos de salvamento e socorrismo. Cada concello establece, en función da súa experiencia, prioridades e recursos ao alcance deste servizo. Os concellos que acceden ao galardón *Bandeira Azul* (38 concellos e 113 praias galegas en 2017) teñen que dispor de un mínimo de dous socorristas acuáticos por praia durante todo o horario de servizo.

A convocatoria de axudas e subvencións por parte da Xunta de Galicia que permite aos concellos a contratación de persoal de socorrismo acuático para a presente campaña de verán 2017, e que se enmarca na convocatoria xeral de programas de fomento de emprego e mellora da empregabilidade, realizouse certamente tarde, no mes de maio, e non foi ata mediados deste mes de xullo cando os concellos puideron completar as contratacións que recibiron subvención, sempre menores respecto dos efectivos solicitados en función da planificación de salvamento de cada concello. Unicamente aqueles concellos que contan con recursos orzamentarios suficientes puideron pór en marcha os servizos de socorrismo ao inicio desta tempada de verán con efectivos suficientes.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os servizos de socorrismo e salvamento acuático, ademais de ser un elemento clave na distinción turística dos areais, constitúen sobre todo un elemento integrador dos sistemas xerais de protección civil e seguridade das persoas. Por iso, e con independencia de cal poida ser o mellor modelo de acreditación da calidade turística e de servizos das nosas praias, consideramos urxente dotar aos concellos galegos de criterios claros e homologados e de recursos suficiente para dispor en cada campaña dos efectivos necesarios de socorrismo acuático, mesmo establecéndose un marco común de condicións laborais e selección de persoal.

Necesariamente este novo marco de actuación autonómica en materia de socorrismo acuático debe estudarse e acordarse coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), e plasmarse previsiblemente nunha xa necesaria revisión e profunda actualización do *Plan Sapraga*.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a establecer, en coordinación coa Fegamp, un novo plan de dotación de servizos de socorrismo acuático que garanta cada tempada aos concellos que o precisen unha dotación de efectivos conforme a criterios homologados, con condicións laborais homoxéneas e facilitando un sistema de selección de persoal mediante convocatoria autonómica para aquelas entidades que así o soliciten.

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2017

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
María Luisa Pierres López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2017 12:02
Nº Rexistro: 12882
Data envío: 20/07/2017 12:02:36.328



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/07/2017 11:39:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/07/2017 11:39:07

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/07/2017 11:39:11

María Luisa Pierres López na data 20/07/2017 11:39:13

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/07/2017 11:39:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/07/2017 11:39:21

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 11.10.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.3 15663(10/PNC-001350)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación coa desaparición dun mozo
residente na localidade de Bolsón e a situación que está a
padecer o pobo mapuche en Arxentina

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:20
Nº Rexistro: 15663
Data envío: 07/09/2017 11:20:59.546

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á desaparición de Santiago Maldonado e a represión do pobo mapuche en Arxentina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pobo mapuche conta na actualidade con 1.700.000 persoas repartida entre o sur de Arxentina (20% da poboación) e Chile (80%), sendo un dos poucos pobos indíxenas que resistiu á colonización española.

As comunidades mapuches reivindicán a propiedade sobre os territorios que historicamente lles pertencen, situados en territorio de Arxentina e Chile.

A finais do S.XIX Arxentina lanzou unha ofensiva militar contra os mapuches, que denominaron “Conquista del desierto”, despois de ser expulsados do seu territorio ancestral, as terras foron ocupadas polo estado e entregadas a empresas propiedade da inmigración europea.

Entre os terreos que reivindicán están 900.000 hectáreas que forman a Estancia Leleque, situadas no noroeste da provincia de Chubut, que quedou nas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:20
Nº Rexistro: 15663
Data envío: 07/09/2017 11:20:59.546

mans da “Compañía de Tierras Sud Argentina SA”, instalada en 1891, e que pasou en 1991 a formar parte da multinacional Benetton,

Segundo diferentes fontes nestes terreos Benetton ten 6.000 vacas, 40.000 ovellas, 20.000 ha con piñeiros e 4.000 ha con cereais e pasto.

Unha parte ínfima destas terras foi ocupada en marzo de 2015 polos mapuches creando a comunidade Pulof, no nordeste de Vuelta del Río, na provincia de Chubut. Unha das principais defensores da comunidade foi a organización Resistencia Ancestral Mapuche (RAM), cuxo dirixente Jones Huala foi detido de novo o 28 de xuño deste ano.

Esta detención ten desatado multitude de protestas para pedir a súa liberación, sempre rematadas con represión por parte das forzas policiais. Dentro destas mobilizacións, o 1 de agosto, un grupo de militantes e simpatizantes do RAM cortan a estrada da ruta 40 para pedir a liberación de Jones Huala. Esta mobilización foi disolta violentamente por parte da Xendarmería Arxentina, cargando contra as persoas que se estaban a manifestar.

Dentro deste grupo atopábase, mostrando solidariedade coa loita mapuche, Santiago Maldonado, un mozo de Bos Aires de 28 anos, que estaba vivindo na localidade do Bolsón. Desde entón nada se volveu saber del. Hai testemuñas que afirman que foi levado polas forzas de seguridade.

A comunidade mapuche de Cushamen denunciou a desaparición de Santiago Maldonado, ao non haber noticias del. As reclamacións e peticións esixindo a súa aparición non fixeron máis que aumentar, levando a unha multitudinaria manifestación na Praza de Maio ao cumprirse o mes da súa desaparición.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:20
Nº Rexistro: 15663
Data envío: 07/09/2017 11:20:59.546

Estamos ante un feito gravísimo, a desaparición forzada dun cidadán, nun país teoricamente democrático, no contexto dunha brutal represión levada a cabo pola Xerdarmería Nacional Arxentina contra o pobo mapuche, e con testemuñas que afirman que viron como foi levado á forza.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego súmase á familia e ás organizacións de defensa dos dereitos humanos en demanda da esixencia da aparición con vida de Santiago Maldonado e da depuración de responsabilidades, e a tal fin presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para que demande ao Goberno de Arxentina:

-A realización de todas as accións precisas co fin de que Santiago Maldonado apareza con vida.

-A depuración de todas as responsabilidades, incluídas as do estado, derivadas desta desaparición e das violentas represións das protestas do pobo mapuche.

-O cese de todas as accións de represión que realiza contra o pobo mapuche.

-A liberdade d@s pres@s polític@s do pobo mapuche, a empezar polo seu líder Jones Huala.”

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 11:20
Nº Rexistro: 15663
Data envío: 07/09/2017 11:20:59.546

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2017 11:20:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/09/2017 11:20:27

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2017 11:20:28

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2017 11:20:30

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2017 11:20:31

Ana Pontón Mondelo na data 07/09/2017 11:20:38